

## O SERGAS incrementa horas aos/ás profesionais a custe 0

CIG-Saúde esixiu na Mesa Sectorial de 13 xullo que se **aborde o déficit de profesionais existente**, moi acusado nalgunha categoría, como enfermeiras, e que se leven a cabo **medidas que permitan desfrutar das súas libranzas**.

Este déficit ven das políticas de persoal do SERGAS que levou durante anos á fuxida de profesionais a outros ámbitos e incluso fora do país.

Levamos durante toda a pandemia coa denegación sistemática de permisos, reducindo os ratios de persoal nas unidades e/ou servizos...

O SERGAS fixo que **os/as profesionais incrementaran as súas horas** de traballo **sen** levar consigo non só recoñecemento profesional senón que tamén unha **compensación económica** que retribúa cando menos o traballo que se fai.

Ante isto o SERGAS o único que valora é abrir a negociación a uns criterios comúns en canto á cobertura das incidencias, cando hai déficit de profesionais, pero en NINGÚN caso valora abrir a negociar retribucións para as “horas complementarias e prolongacións” para o ámbito hospitalario.

**CIG-Saúde defende que a contratación de profesionais debe ser sempre a primeira opción pero, ante a imposibilidade, é necesario que se negocien unhas retribucións de “horas complementarias e prolongacións”** en hospitalización, xa que hai profesionais que así as están realizando e se están retribuindo a menor cantidade que o que debera ser a “hora de xornada”.